

## **Lei 2/1994, do 18 de xullo, de modificación da Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias**

### Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 23, do 7.2.1994.

Emendas, BOPG núm. 42, do 14.3.1994.

Debate de totalidade, DSPG núm. 16, do 12.4.1994.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 84, do 14.6.1994.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 89, do 22.6.1994.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 89, do 22.6.1994.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 26, do 28.6.1994.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 95, do 1.7.1994.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 147, do 1.8.1994.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 249, do 18.10.1994.

## **Lei 2/1994, do 18 de xullo, de modificación da Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias**

A Lei estatal 23/1986, do 24 de decembro, regulou con posterioridade á Lei galega 4/1984, do 4 de maio, as bases do réxime xurídico das cámaras agrarias. O artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle competencia exclusiva á Comunidade Autónoma en materia de cámaras agrarias, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución, e polo dito motivo a referida Lei 23/1986 foi obxecto de recurso perante o Tribunal Constitucional, que na súa Sentencia 132/1989, do 18 de xullo, a declarou constitucional agás no seu artigo 8.2 en parte da disposición adicional segunda. Como consecuencia, dictouse a Lei 23/1991, do 15 de outubro, que modifica a orixinaria lei estatal, aproveitando a ocasión para regular outras materias sometidas a reserva de lei, segundo considera o alto Tribunal.

Á vista daqueles precedentes imponse a adaptación da Lei 4/1984, do 4 de maio, ás bases estatais do réxime xurídico das cámaras agrarias, mantendo o ámbito de autonomía que lle compete a Galicia xunto á harmonía xurídica que debe presidi-las relacións entre os diversos ordenamentos do Estado.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de confor-

midade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1993, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de modificación da Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias.

### **Artigo único**

Modifícanse os artigos 2, 3, 4, 8.3, 10 e a disposición transitoria primeira da Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias, que quedan redactados da seguinte maneira:

#### **«Artigo 2**

Os membros das cámaras agrarias, con independencia do seu ámbito territorial, serán elixidos por aquelas persoas que dentro del reúnan algunha das seguintes condicións:

a) Toda persoa natural, maior de idade, que sexa profesional da agricultura, como propietario, arrendatario, parceiro ou en calquera outro concepto análogo recoñecido pola lei, exerza actividades agrícolas, gandeiras ou forestais de modo directo e persoal e, como consecuencia destas actividades, estea afiliada ben ó réxime especial agrario da Seguridade Social ou ben ó réxime especial de traballadores autónomos.

b) Os familiares ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade das persoas aludidas no apartado anterior, maiores de idade, que traballen de modo directo e preferente na explotación familiar, debendo estar dados de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social ou no réxime especial de traballadores autónomos.

c) A persoa natural que teña a consideración legal de colaborador nunha explotación familiar agraria, conforme a Lei de explotación familiar 49/1981, do 24 de decembro, e estea dada de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social ou no réxime especial de traballadores autónomos.

d) Toda persoa xurídica que teña por exclusivo obxecto, conforme os seus estatutos, e que efectivamente exerza a explotación agrícola, gandeira ou forestal.»

#### «Artigo 3

En cada unha das catro provincias da Comunidade Autónoma galega existirá unha Cámara Agraria con este ámbito territorial.»

#### «Artigo 4

As cámaras agrarias, para os efectos da constitución e da súa organización, así como os daqueles actos que, dictados no exercicio das súas competencias como entidades de dereito público, teñan a consideración de actos administrativos, participan da natureza das administracións públicas.»

#### «Artigo 8

3. O Pleno estará constituído por vinte e cinco membros, elixidos por sufraxio libre, igual, directo e secreto. Exerce as funcións a que se refire o apartado 3 do artigo 7 desta lei.»

#### «Artigo 10

1. Para o cumprimento dos seus fins, a Cámara poderá dispoñer dos seguintes recursos:

a) As rendas e os produtos do seu patrimonio.

b) As subvencións que para o seu normal funcionamento poidan establecerse anualmente nos presupostos xerais das administracións públicas.

c) As doazóns, legados, axudas e demais recursos que poidan serlle asignados.

2. As cámaras agrarias gozarán dos beneficios fiscais legalmente establecidos.»

#### «Disposición transitoria primeira

As primeiras eleccións a cámaras celebraranse nos prazos e nas datas que no seu día se fixen, de conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 8 da Lei 23/1986, do 24 de decembro, reformada pola Lei 23/1991, do 15 de outubro.»

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 1994

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente